

## Pontevedra recítalle a Rosalía de Castro

O Campus Universitario e o Concello celebran recitais na honra da poetisa



Un momento do acto que se celebrou na facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación. JAVIER CERVERA-MERCADILLO

Jueves 23 de Febrero de 2017 | Redacción | Pontevedra

#RosalíaTe. É o hagstag (etiqueta) co que se celebra o Día de Rosalía de Castro. A conmemoración da data, fixada no 24 de febreiro no Calendario do Libro e da Lectura de Galicia para conmemorar o aniversario do nacemento da autora máis importante das nosas letras, adiantouse en Pontevedra. A Universidade de Vigo e o Concello celebraron o mércores cadanxeu acto na honra da poetisa.

As propostas prolongaranse ata o propio 24 de febreiro da man da Deputación, segundo anuncia este xoves oficialmente o deputado de Cultura, Xosé Leal. Todos os grupos da Corporación provincial participarán nun acto que terá lugar no Pazo Provincial.

**Todos os grupos da Corporación provincial participarán mañá nunha homenaxe no Pazo da Deputación**

A Biblioteca Central do Campus Universitario sumouse aos actos do 180º aniversario do nacemento de Rosalía. Alí houbo unha lectura de poemas e unha proxección de vídeos. Segundo informa o diario dixital da Universidade de Vigo ([duvi.uvigo.es](http://duvi.uvigo.es)), o acto pechouse cun 'mannequin challenge'.

No acto, o presidente da Fundación Rosalía de Castro e profesor da Universidade de Vigo, Anxo Angueira, lembra que "hai 180 anos naceu

unha ilusión, unha esperanza e un novo horizonte que hoxe están tal vez máis vivos ca nunca", segundo recolle o Duvi, que ademais explica que, da man da profesora Ana Fernández Soneira, un grupo de alumnos e alumnas dos graos en Comunicación Audiovisual e Educación Primaria renderon homenaxe á poetisa recitando os versos de *Adiós ríos, adiós fontes, Unha voda na aldea ou Un repoludo gaiteiro*. A proposta universitaria contou tamén cunhas caretas de Rosalía deseñadas polo titulado en Belas Artes Aarón Fernández e cun photocall co lema #Rosalíate no que se podía fotografar todo o mundo.

Pontevedra sumábase desta maneira aos actos de homenaxe que se desenvolven nos tres campus na Universidade e que deron comezo o pasado martes co recital que Aldaolado ofreceu na Facultade de Filoloxía e Tradución de Vigo e se completan mañá, no propio Día de Rosalía, na biblioteca universitaria do campus de Ourense.

Pola súa banda, o Concello adiantou tamén ao mércores a celebración do Día de Rosalía cun recital no que participaron oito autores e un colectivo poético-musical.

A Casa da Luz acolleu esta homenaxe na que recitaron Afra Torrado, Antón Blanco, Iria Alejandra Pazos, Lucía Novas, Malvares de Moscoso, Genaro da Silva, Pablo Rodríguez e Tamara Andrés. Segundo estaba anunciado, a actividade tamén incluía un concerto poético a cargo do colectivo Cintadhesiva.